

Heraldos do ENCONTRO

Homenaxe ó Confrade Viveirense
Homenaje al Cofrade Vivariense

Escultor: **Álvaro de la Vega**



Heraldos do ENCUENTRO

Homenaxe ó Confrade Viveirense
Homenaje al Cofrade Vivariense

Escultor: **Álvaro de la Vega**



Coordina: Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro

©Textos: Darío Campos Conde, Luis Ángel de las Heras Berzal,
María Loureiro García, José Veiga Golpe,
Ramón Pernas López, Aurelia Balseiro García,
Xabier Limia de Gardón.

©Fotografías: Arquivo Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro

Escultor: Álvaro de la Vega

Taller de fundición: Arte Bronce Fundición

Impresión: Gráficas Lar

Depósito Legal: LU 53-2017
ISBN: 978-84-8192-539-5

Edita: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Publicacións

Darío Campos Conde

Presidente da Deputación Provincial de Lugo
Presidente de la Diputación Provincial de Lugo



É obriga da institución que presido apoiar os activos culturais dos distintos concellos do territorio provincial. A Semana Santa de Viveiro é, sen dúbida, un deses activos culturais, turísticos e económicos de primeiro nivel. O traballo mantido durante séculos, polo conxunto da sociedade viveirense, a través das incansables confrarías e, durante os últimos 25 anos pola Xunta de Confrarías, fixo dela unha referencia incontestable a nivel galego e español, como demostra a declaración de Festa de Interese Turístico Internacional no 2013. Son estes 25 anos de traballo exemplar os que homenaxeamos hoxe, como mostra de todo o que representa esta celebración para a cidade de Viveiro e, por extensión, para toda a provincia de Lugo.

Esta homenaxe ao confrade, impulsada pola Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, representa a figura dos tres heraldos, que co seu repicar e o seu son de metal marcan o inicio do Encontro no Venres Santo. O grupo escultórico en bronce realizado por Álvaro de la Vega foi emprazado na contorna da Igrexa de San Francisco.

Desde a Deputación de Lugo quixemos completar a homenaxe, plasmada na excelente obra de Álvaro de la Vega, coa publicación deste libro. Con el, tamén, facemos xustiza a un dos artistas máis representativos da nosa provincia, un home cunha traxectoria contrastada e digna de ser recoñecida con admiración. Esta publicación pretende contribuír a deixar para o futuro unha xusta lembranza dun proceso creativo e artístico único, recollendo as claves materiais e simbólicas da elaboración dunha obra singular, unha obra que será testemuño perenne dunha homenaxe á Semana Santa, entendida como un cruxol que fonde e engrandece o patrimonio cultural, tanxible e intanxible, das xentes de Viveiro.

Es obligación de la institución que presido apoyar los activos culturales de los distintos ayuntamientos del territorio provincial. La Semana Santa de Viveiro es, sin duda, uno de esos activos culturales, turísticos y económicos de primer nivel. El trabajo mantenido durante siglos, por el conjunto de la sociedad vivariense, a través de las incansables cofradías y, durante los últimos 25 años por la Junta de Cofradías, hizo de ella una referencia incontestable a nivel gallego y español, como demuestra la declaración de Fiesta de Interés Turístico Internacional en el 2013. Son estos 25 años de trabajo ejemplar los que homenajeamos hoy, como muestra de todo lo que representa esta celebración para la ciudad de Viveiro y, por extensión, para toda la provincia de Lugo.

Este homenaje al confrade, impulsado por la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro, representa la figura de los tres heraldos, que con su repicar y su son de metal marcan el inicio del Encuentro en el Viernes Santo. El grupo escultórico en bronce realizado por Álvaro de la Vega fue ubicado en el entorno de la Iglesia de San Francisco.

Desde la Diputación de Lugo hemos querido completar el homenaje, plasmado en la excelente obra de Álvaro de la Vega, con la publicación de este libro. Con él, también, hacemos justicia a uno de los artistas más representativos de nuestra provincia, un hombre con una trayectoria contrastada y digna de ser reconocida con admiración. Esta publicación pretende contribuir a dejar para el futuro un justo recuerdo de un proceso creativo y artístico único, recogiendo las claves materiales y simbólicas de la elaboración de una obra singular, una obra que será testimonio perenne de un homenaje a la Semana Santa, entendida como un crisol que funde y engrandece el patrimonio cultural, tangible e intangible, de las gentes de Viveiro.

Luis Ángel de las Heras Berzal, C.M.F.

Bispo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol
Obispo de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol



Tres confrades. Dous tambores e unha corneta anuncian, en Viveiro, cada Venres Santo «O Encontro», auto sacramental da Paixón con reminiscencias franciscanas. Nestas tres figuras que anunciaban a alborada do día grande da Semana Santa, queremos descubrir e homenaxear a todos os confrades viveirenses de onte, hoxe e mañá.

Confrades que anuncian e «levan» ata o señor a Xoán, o discípulo fiel que sabe estar preto do corazón do Señor, sen medo a padecer el os mesmos sufrimentos, aínda que na mañá do Venres Santo case non sexa capaz de mirar o rostro desfigurado do seu Mestre.

Confrades que anuncian e «levan» sobre os seus ombros a aperta conmovedora entre a Nai aflixida e o Fillo coa Cruz ás costas, que cae baixo o seu peso e ve como se derruba o corazón materno.

Confrades que anuncian e «levan» a cruzarse a Xesús e á Verónica, propiciando que quede impreso o rostro humano máis desfigurado no que están os trazos do servo que sofre, da humanidade que sangra.

Anunciar «O Encontro» na mañá do Venres Santo de Viveiro é anunciar as bágoas dese camiño da cruz que percorre Cristo e no que nos vemos reflectidos cada un dos seres humanos. Caídas do *Ecce Homo*, da humanidade enteira, que sinalan desencontros. Pranto da Nai Dolorosa no que descubrimos o de tantas nais de amargura ao ver os seus fillos no trazo que representa o Nazareno sentindo que os perderon. Pranto acompañado por Xoán, o predilecto, que transita con María a vía lacrimosa e chegará

Tres cofrades. Dos tambores e unha corneta anuncian en Viveiro cada Viernes Santo «El Encuentro», auto sacramental de la Pasión con reminiscencias franciscanas. En estas tres figuras que anuncian el alba del día grande de la Semana Santa, queremos descubrir y homenajear a todos los cofrades viveirenses de ayer, de hoy y de mañana.

Cofrades que anuncian y «llevan» hasta el Señor a Juan, el discípulo fiel que sabe estar cerca del corazón del Señor, sin miedo a padecer él los mismos sufrimientos, aunque en la mañana del Viernes Santo casi no sea capaz de mirar el rostro desfigurado de su Maestro.

Cofrades que anuncian y «llevan» sobre sus hombros el abrazo estremecedor entre la Madre afligida y el Hijo con la Cruz auestas, que cae bajo su peso y ve como se desploma el corazón materno.

Cofrades que anuncian y «llevan» a cruzarse a Jesús y a la Verónica, propiciando que quede impreso el rostro humano más desfigurado en el que están los rasgos del siervo sufriente, de la humanidad sangrante.

Anunciar «El Encuentro» en la mañana del Viernes Santo de Viveiro es anunciar las lágrimas de ese camino de la cruz que recorre Cristo y en el que nos vemos reflejados cada uno de los seres humanos. Caídas del *Ecce Homo*, de la humanidad entera, que señalan desencuentros. Llanto de la Madre Dolorosa en el que descubrimos el de tantas madres de amargura al ver a sus hijos en el trance que representa el Nazareno sintiendo que los han

a acollela na súa casa, nun incomparable lazo entre nai e fillo. Pranto en perlas preciosas de coraxe trememente da Verónica, que se atreve a saírle ao paso. Cantos rostros con sufrimento hai que ir enxugar no noso mundo hoxe, evocando o rostro de Cristo naquel pano ensangrentado.

A homenaxe aos confrades viveirenses nas tres figuras que anuncian «O Encontro» do Venres Santo é homenaxe aos que están dispostos a vivir cada día anunciando encontros acolledores. Os que se fan reais e posibles porque hai persoas dispostas a «llevar» sobre os seus ombros a outras, calquera que sexa a súa carga, para acercalas ao Reino de Deus, fogar da *única familia humana*.

O papa Francisco invítanos a estender a *cultura do encontro*, abrindo as portas a todos, especialmente aos máis débiles. Cada confrade viveirense pode sentirse membro da *única familia humana* e protagonista da *cultura do encontro* para vivir e dar testemuño da alegría pascual, da alegría do Evanxeo, da alegría do Reino. Esa será a mellor homenaxe confrade.

Fagamos vida estas palabras do papa: «Que aumente a *cultura do encontro* na *única familia humana*. Oremos uns por outros para que, participando da vitoria de Cristo, saibamos abrir as nosas portas aos débiles e aos pobres. Entón viviremos e daremos un testemuño pleno da alegría da Pascua (Mensaxe do Papa Francisco para a Coresma de 2017)».

perdido. Llanto acompañado por Juan, el predilecto, que transita con María la vía lacrimosa y llegará a acogerla en su casa, en un incomparable lazo entre madre e hijo. Llanto en perlas preciosas de coraje tembloroso de la Verónica, que se atreve a salirle al paso. Cuántos rostros sufrientes hay que ir a enjugar en nuestro mundo hoy, evocando el rostro de Cristo en aquel paño ensangrentado.

El homenaje a los confrades viveirenses en las tres figuras que anuncian «El Encuentro» del Viernes Santo, es homenaje a quienes están dispuestos a vivir cada día anunciando encuentros acogedores. Los que se hacen reales y posibles porque hay personas dispuestas a «llevar» sobre sus hombros a otras, cualquiera que sea su carga, para acercarlas al Reino de Dios, hogar de la *única familia humana*.

El papa Francisco nos invita a extender la *cultura del encuentro*, abriendo las puertas a todos, especialmente a los más débiles. Cada confrade viveirense puede sentirse miembro de la *única familia humana* y protagonista de la *cultura del encuentro* para vivir y dar testimonio de la alegría pascual, de la alegría del Evangelio, de la alegría del Reino. Ese será el mejor homenaje confrade.

Hagamos vida estas palabras del papa: «Que aumente la *cultura del encuentro* en la *única familia humana*. Oremos unos por otros para que, participando de la victoria de Cristo, sepamos abrir nuestras puertas a los débiles y a los pobres. Entonces viviremos y daremos un testimonio pleno de la alegría de la Pascua (Mensaje del Papa Francisco para la Cuaresma de 2017)».

María Loureiro García

Alcaldesa do Concello de Viveiro

Alcaldesa del Ayuntamiento de Viveiro



6

Para o Concello de Viveiro é unha satisfacción ver incrementado o seu patrimonio cultural coa instalación desta escultura pública, Os Heraldos do Encontro, que simboliza un dos momentos máis representativos da nosa Semana Santa. Considero que o artista lucense Álvaro de la Vega executou con gran mestría o encargo da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, creando un conxunto escultórico de gran beleza formado por tres pezas, tres confrades da Venerable Orde Terceira Franciscana que, co seu tambor, timbal e clarín, anuncian o inicio do Encontro, destacando a cor vermella das galdrapas, co símbolo da Tau, en contraste coa monocromía da peza.

Ademais do valor artístico e beleza da obra, coido necesario valorar outras dúas cuestións, a súa temática e a súa localización. A Semana Santa de Viveiro, distinguida co recoñecemento de Festa de Interese Turístico Internacional, é unha das celebracións máis importantes do municipio na que, dunha ou doutra maneira, participan todos os viveirenses e na que, ademais de fe, tradición e cultura, hai arte, turismo e diversión; esta peza lembraralles aos veciños e visitantes, ao longo do ano, que a Semana Santa é un dos nosos signos de identidade. O lugar escollido para instalar esta obra, nas inmediacións da Igrexa de San Francisco, é un dos espazos máis fermosos do noso concello, ademais de ser o punto de partida e chegada de case todas as procesións; polo tanto, un emprazamento único para unha peza que pasará a formar parte da nosa historia.

Para el Ayuntamiento de Viveiro es una satisfacción ver incrementado su patrimonio cultural con la instalación de esta escultura pública, Los Heraldos del Encuentro, que simboliza uno de los momentos más representativos de nuestra Semana Santa. Considero que el artista lucense Álvaro de la Vega ejecutó con una gran maestría el encargo de la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro creando un conjunto escultórico de gran belleza formado por tres piezas, tres cofrades de la Venerable Orden Tercera Franciscana que, con su tambor, timbal y clarín, anuncian el inicio del Encuentro, destacando el color rojo de las galdrapas, con el símbolo de la Tau, en contraste con la monocromía de la pieza.

Además del valor artístico y la belleza de la obra, creo que es necesario valorar otras dos cuestiones, su temática y su ubicación. La Semana Santa de Viveiro, distinguida con el reconocimiento de Fiesta de Interés Turístico Internacional, es una de las celebraciones más importantes del municipio, en la que de una u otra forma participan todos los viveirenses y en la que, además de fe, tradición y cultura, hay arte, turismo y diversión; esta pieza recordará a vecinos y visitantes, a lo largo del año, que la Semana Santa es una de nuestras señas de identidad. El lugar escogido para instalar esta obra, en las inmediaciones de la Iglesia de San Francisco, es uno de los espacios más hermosos de nuestro ayuntamiento, además de ser un punto de partida y llegada de casi todas las procesiones; por lo tanto, un emplazamiento único para una pieza que pasará a formar parte de nuestra historia.

Este volume, que se presenta coincidindo coa inauguración, servirá para coñecer o proceso creativo e o traballo do autor, dende os bosquejos iniciais ata a creación definitiva en bronce, despois de que a peza fose tallada inicialmente en madeira, incluíndo, ademais, unha achega á obra do escultor e distintos artigos; esta publicación permítelle ao espectador contemplar a obra dunha maneira distinta, comprendendo e valorando o resultado final deste grupo escultórico.

Quero, finalmente, agradecerlle á Deputación de Lugo por facilitar a publicación deste libro; felicitar a Álvaro de la Vega polo excelente traballo realizado e recoñecer, publicamente, a Xunta de Confrarías da Semana Santa por ter desenvolvido esta loable iniciativa.

Este volumen, que se presenta coincidindo con la inauguración, servirá para conocer el proceso creativo y el trabajo del autor, desde los bocetos iniciales hasta la creación definitiva en bronce, después de que la pieza fuese tallada inicialmente en madera, incluyendo, además, un acercamiento a la obra del escultor y distintos artículos; esta publicación permite al espectador contemplar la obra de una forma distinta, comprendiendo y valorando el resultado final de este grupo escultórico.

Quiero, finalmente, agradecer a la Diputación de Lugo por facilitar la publicación de este libro; felicitar a Álvaro de la Vega por el excelente trabajo realizado; y reconocer públicamente a la Junta de Cofradías de la Semana Santa por haber desarrollado esta loable iniciativa.

José Veiga Golpe

Presidente da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro
Presidente de la *Xunta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro*



A Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro cumpre 25 anos de existencia. O seu traballo de coordinación e promoción da nosa querida celebración neste último cuarto de século viuse recompensado co recoñecemento que hoxe ten a nosa Semana Maior.

Todo isto, engadido ao gran esforzo realizado polas oito fraternidades que a compoñen, as cales acometeron numerosos proxectos para engrandecemento da nosa Semana Santa e polo tanto, de Viveiro. Todo este inxente labor, para o cal contamos coa implicación de todo o pobo e cun apoio incondicional do Concello, culminou coa consecución, no ano 2013, da declaración da nosa Semana Maior como festa de **Interese Turístico Internacional**.

Por todo iso, criamos que nos quedaba unha materia pendente, unha merecida homenaxe aos nosos confrades, a toda esa xente anónima que, ano tras ano, fai posible que a nosa celebración sexa un referente internacional pola súa forma de conmemorar a paixón, morte e resurrección do noso Señor.

Que mellor maneira de homenaxealos que cunha escultura pública, colocada nun lugar privilexiado do noso casco histórico, cercana aos centenarios muros do Convento de San Francisco, hoxe convertido en centro neuráxico da nosa paixón.

Unha escultura que vén enriquecer o patrimonio artístico da cidade de Viveiro e que será unha referencia da nosa Semana Santa, facendo que estea presente durante todo o ano nas nosas empedradas e seculares rúas para gozo de viveirenses e foráneos.

La *Xunta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro* cumple 25 años de existencia. Su trabajo de coordinación y promoción de nuestra querida celebración en este último cuarto de siglo se ha visto recompensado con el reconocimiento que hoy tiene nuestra Semana Mayor.

Todo ello, sumado al gran esfuerzo realizado por las ocho fraternidades que la componen, las cuales, han acometido numerosos proyectos para engrandecimiento de nuestra Semana Santa y por ende, de Viveiro. Toda esta ingente labor, para la cual hemos contado con la implicación de todo el pueblo y con un apoyo incondicional del Concello, culminó con la consecución, en el año, 2013 de la declaración de nuestra Semana Mayor como fiesta de **Interés Turístico Internacional**.

Por todo ello, creíamos que nos quedaba una asignatura pendiente, un merecido homenaje a nuestros cofrades, a toda esa gente anónima que, año tras año, hace posible que nuestra celebración sea un referente internacional por su forma de conmemorar la pasión, muerte y resurrección de nuestro Señor.

Que mejor manera de homenajearlos que con una escultura pública, colocada en un lugar privilegiado de nuestro casco histórico, cercana a los centenarios muros del Convento de San Francisco, hoy convertido en centro neurálgico de nuestra pasión.

Una escultura que viene a enriquecer el patrimonio artístico de la ciudad de Viveiro y que será una referencia de nuestra Semana

A nosa Semana Santa conta con numerosos actos e un rico patrimonio en imaxinería para poder representar nunha escultura, é por iso que non resultou fácil a elección. Finalmente, optamos por *Os Heraldos do Encontro*, que cada mañá de Venres Santo anuncian a toque de tambor, bombo e clarín o inicio do Encontro. Entre eles cremos que se conxugan perfectamente a antigüidade da nosa Semana Santa e a música, tan presente nela.

Quero agradecer de corazón, no nome da Xunta de Confrarías, a altruísta colaboración de moitas persoas anónimas e institucionais sen as cales non sería posible levar a cabo este ambicioso proxecto.

Só queda continuar con este labor para conseguir o ansiado museo ou un centro de interpretación da nosa Semana Santa e así colocar a escultura orixinal de Álvaro de la Vega, de madeira de eucalipto, no lugar que lle corresponde, entre as seculares imaxes do Encontro.

Santa, haciendo que esté presente durante todo el año en nuestras empedradas y seculares calles para disfrute de vivarienses y foráneos.

Nuestra Semana Santa cuenta con numerosos actos y un rico patrimonio en imagería para poder representar en una escultura, es por ello que no resultó fácil la elección. Finalmente optamos por *Los Heraldos del Encuentro*, que cada mañana de Viernes Santo anuncian a toque de tambor, bombo y clarín el inicio del Encuentro. En ellos creemos que se conjugan perfectamente la antigüedad de nuestra Semana Santa y la música, tan presente en la misma.

Quiero agradecer de corazón, en nombre de la Junta de Cofradías, la altruísta colaboración de muchas personas anónimas e instituciones sin las cuales no habría sido posible llevar a cabo este ambicioso proyecto.

Solo queda continuar con esta labor para conseguir el ansiado museo o un centro de interpretación de nuestra Semana Santa y así colocar la escultura original de Álvaro de la Vega, de madera de eucalipto, en el lugar que le corresponde, entre las seculares imágenes del Encuentro.

Ramón Pernas López

Escritor

O CLARÍN NA MAÑÁ

Vai para douscentos oitenta anos, máis dun cuarto de milenio, que a nosa virxe Dolorosa se estableceu para sempre en Viveiro. Agora reside nun camarín barroco da Venerable Orde Terceira, capela anexa á igrexa conventual de Santiago, coñecida popularmente pola súa orixe monástica, como de San Francisco. Dous grandes conventos, dous mosteiros delimitaban o perímetro da pequena vila costeira do Norte de Lugo.

O río, hoxe canalizado que baixaba ata o mar, era a fronteira e situaba extra muros o convento franciscano, que chegou a albergar dúas ducias de frades da orde de Francisco. O outro, o convento de Santo Domingo, pertencía á orde de Predicadores e eran os dominicos os seus fundadores. Situado no que foi campo da feira, hoxe no nomenclátor local praza de Lugo, desapareceu coa desamortización. No centro da vila, onde hoxe está a praza maior, estaba a igrexa parroquial de Santiago.

Foron os irmáns da orde mendicante de Francisco os que instauraron o culto articulado da Semana Santa ao modo napolitano, con imaxes realistas de gran tamaño e representando as escenas máis solemnes da Paixón. Impulsaron a Terceira Orde e importaron de Italia figuras animadas que conmovían a fe popular das boas xentes que asistían, sen sabelo, a un auto sacramental.



▲ Corneta e tambor do s. XVIII
Corneta y tambor del s. XVIII

EL CLARIN EN LA MAÑANA

Va para douscentos ochenta anos, máis de un cuarto de milenio, que nuestra virgen Dolorosa se avecindó para siempre en Viveiro. Ahora reside en un camarín barroco de la Venerable Orden Tercera, capilla anexa a la iglesia conventual de Santiago, conocida popularmente por su origen monástico, como de San Francisco. Dos grandes conventos, dos monasterios delimitaban el perímetro del pequeño pueblo costero del norte de Lugo.

El río, hoy canalizado que bajaba hasta el mar, era frontera y situaba extramuros el convento franciscano, que llegó a albergar a dos docenas de frailes de la orden de Francisco. El otro, el convento de Santo Domingo, pertenecía a la orden de Predicadores y eran los dominicos sus fundadores. Situado en el que fue campo de la feria, hoy en el nomenclátor local plaza de Lugo, desapareció con la desamortización. En el centro del pueblo, donde hoy está la plaza mayor, estaba la iglesia parroquial de Santiago.

Fueron los hermanos de la orden mendicante de Francisco quienes instauraron el culto articulado de la Semana Santa al modo napolitano, con imágenes realistas de gran tamaño y representando las escenas más solemnes de la Pasión. Impulsaron la Tercera Orden e importaron de Italia figuras animadas que conmovían la fe popular de las buenas gentes que asistían, sin saberlo, a un auto sacramental.

E así, ao fío do amencer do Venres Santo, naceu o Encontro. Na sé bispal, en Mondoñedo e en Viveiro o Encontro, campesiño, no primeiro caso e mariñeiro na nosa amada vila, constituíu xunto ao Descendemento o acto máis piadoso dos últimos séculos.

Atribúeselle a un dos frades que residira no Sur de Italia e que acompañou o rei ilustrado Carlos III á súa volta á península o estadame relixioso de Xesús coa cruz ás costas e o auxilio da súa nai, saíndo ao seu encontro e enxugando as bágoas que cobren o seu rostro, cando o Señor cae por segunda vez baixo o peso do madeiro.

Primeiro foi o claustro do convento quen acolleu a cerimonia que, máis adiante, saíu á rúa acompañado por un narrador que con voz tronante predicaba a última mañá de Cristo. Posteriormente, uníronse á comitiva a Verónica e San Xoán.

Chamábase ao encontro á hora sétima do día, anunciando polas rúas que o misterio estaba a piques de comezar. Utilizábase un roncón de grandes dimensións, un tipo de carraca xigantesca pois os instrumentos musicais estaban prohibidos dende a noite do xoves. Despois, a proclamación foi a golpe de corneta, posiblemente un cornetín de ordres dun cabo de carabineiros procedente do arsenal da armada. Foi o primeiro clarín, ao que acompañou un tambor de pel de cordeiro que se gardan na capela dos irmáns terciarios.

Aínda se conserva a primeira corneta de vello latón dourado, á que substituíu outra de máis longa embocadura, a corneta ou trompeta de Heriberto, que eu mesmo tiven a honra de tocar convocando os meus paisanos, á morte de quen fora o seu máis lonxevo intérprete. Tiña unha boquilla de óso e serviu de portadora de augardentes matinais en múltiples ocasións. O ano no que toquei torpemente os claríns, o ano no que fun saión do Encontro, aínda conservaba aromas de bagazo.

Non houbo grupo de tres heraldos matutinos ata hai poucos anos, en que a vella trompeta se substituíu por unha clase de tuba que

Y así, al filo de la amanecida del Viernes Santo, nació el Encuentro. En la sede obispal, en Mondoñedo y en Viveiro el Encuentro, campesino en el primer caso y marinero en nuestro amado pueblo, constituyó junto al Descendimiento el acto más piadoso de los últimos siglos.

Se atribuye a uno de los frailes que había residido en el sur de Italia y que acompañó al rey ilustrado Carlos III a su vuelta a la península el andamiaje religioso de Jesús con la cruz a cuestas y el auxilio de su madre, saliendo a su encuentro y enjugando las lágrimas que cubren su rostro, cuando el Señor cae por segunda vez, bajo el peso del madero.

Primero fue el claustro del convento quien acogió la ceremonia que, más adelante, salió a la calle acompañado por un narrador que con voz tronante predicaba la última mañana de Cristo. Posteriormente, se unieron a la comitiva la Verónica y San Juan.

Se llamaba al encuentro a la hora séptima del día, anunciando por las calles que el misterio estaba a punto de comenzar. Se utilizaba un roncón de grandes dimensiones, una suerte de carraca gigantesca pues los instrumentos musicales estaban prohibidos desde la noche del jueves. Después, la proclamación fue a golpe de corneta, posiblemente un cornetín de órdenes de un cabo de carabineros procedente del arsenal de la armada. Fue el primer clarín, al que acompañó un tambor de piel de cordero que se guardan en la capilla de los hermanos terciarios.

Todavía se conserva la primera corneta de viejo latón dorado, a la que sustituyó otra de más larga embocadura, la corneta o trompeta de Heriberto, que yo mismo tuve el honor de tocar convocando a mis paisanos, a la muerte de quien fue su más longevo intérprete. Tenía una boquilla de hueso y sirvió de portadora de aguardientes matinales en múltiples ocasiones. El año en que toque torpemente los clarines, el año en que fui sayón del Encuentro, aún conservaba aromas de orujo.

No hubo grupo de tres heraldos matutinos hasta hace pocos años en que la vieja trompeta fue sustituida por una suerte de tuba que

agora si, e a golpe de tamboril cun tambor repicando, chamaba a espertar.

Os tres heraldos, coas súas galdrapas vermellas da Tau, convertéronse en estatuas de bronce, ancorados como vellos barcos xunto á igrexa e convento de San Francisco, para lembrarllles aos veciños e a quen nos visita que cada Venres Santo sairán da súa coiraza de bronce para lembrar que polas nosas rúas pasa o Fillo do Home coa súa cruz ás costas. Para que nunca se esqueza.

ahora sí, y a golpe de tamboril con un tambor repicando, llamaba a despertarse.

Los tres heraldos, con sus gualdrapas rojas de la Tau, se han convertido en estatuas de bronce, anclados como viejos barcos junto a la iglesia y convento de San Francisco, para recordar a vecinos y a quienes nos visitan que cada Viernes Santo saldrán de su caparazón bronceo para recordar que por nuestras calles pasa el Hijo del Hombre con su cruz a cuestas. Para que nunca se olvide.



▲ Heraldos do Encontro. Chamada na porta do Valado, amencer de Venres Santo.

Heraldos del Encuentro. Llamada en al puerta del Vallado, madrugada de Viernes Santo

Aurelia Balseiro García

Museóloga e directora do Museo Provincial de Lugo
Museóloga y directora del Museo Provincial de Lugo

O fundamento relixioso orixinal da Semana Santa ten -hoxe en día- un engadido social, cultural, turístico e económico, polo tanto lonxe de ser un acontecemento puntual converteuse, nalgúns casos, nun sinal exclusivo de identidade para cidades como Viveiro. A denominación de Interese Turístico Internacional avala a súa transcendencia e supera a súa especificidade concreta nunhas datas determinadas para incrementalas con programacións culturais e actividades relacionadas que, finalmente, ocupan un mes completo. Non obstante, a súa promoción e organización require case todo o ano.

Tamén as exposicións e museos dedicados á Semana Santa levan esta celebración puntual a algo máis atemporal, dándolle continuidade. No caso do noso municipio ademais do programa Adral, comezado no ano 1994, hai tamén unha interesante exposición temporal organizada dende hai dez anos co reivindicativo título de *Antesala dun museo* que, ademais, cumpre unha función divulgativa. O efémero e modesto colector, localizado a carón da ábsida da igrexa de San Francisco, acolle unha alta afluencia de visitantes posto que serve como complemento explicativo da Semana Santa, pero tamén é unha mostra digna e coidadosa coas pezas amosadas e a súa contextualización, a falta dun museo ou centro de interpretación onde se explique este feito dentro da historia de Viveiro.

O patrimonio cultural que engloba a Semana Santa vai máis alá das pezas e os obxectos artísticos que se conservan para a



El fundamento religioso original de la Semana Santa tiene -hoy en día- un añadido social, cultural, turístico y económico, por lo tanto, lejos de ser un acontecimiento puntual se ha convertido, en algunos casos, en una seña exclusiva de identidad para ciudades como Viveiro. La denominación de Interés Turístico Internacional avala su transcendencia y supera su especificidad concreta en unas fechas determinadas para incrementarlas con programaciones culturales y actividades relacionadas que, finalmente, ocupan un mes completo. No obstante, su promoción y organización requiere casi todo el año.

También las exposiciones y museos dedicados a la Semana Santa llevan esta celebración puntual a algo más atemporal, dándole continuidad. En el caso de nuestro municipio, además del programa Adral, empezado en el año 1994, hay también una interesante exposición temporal organizada desde hace diez años con el reivindicativo título de *Antesala de un museo* que, además, cumple una función divulgativa. El efémero y modesto contenedor ubicado, al lado del ábside de la iglesia de San Francisco, acoge una alta afluencia de visitantes puesto que sirve como complemento explicativo de la Semana Santa, pero, también, es una muestra digna y cuidadosa con las piezas mostradas y su contextualización, a falta de un museo o centro de interpretación donde se explique este hecho dentro de la historia de Viveiro.

El patrimonio cultural que engloba la Semana Santa va más allá de las piezas y los objetos artísticos que se conservan para su

súa celebración, hai tamén un patrimonio inmaterial intanxible baseado en costumes, representacións, prácticas, música..., tradicións visibles que reflicten un acontecemento cultural e social transmitido de xeración en xeración, pero quizais o patrimonio cultural material composto sobre todo pola súa imaxinería, pasos, complementos procesionais, obxectos litúrxicos, etc. é a expresión máis simbólica e obvia. Todo iso conforma un conxunto de bens culturais que mestura a liturxia relixiosa coa participación cidadá.

Por outra banda, a obra pública, vinculada coa devandita celebración e localizada como tal en municipios e cidades, serve para rememorar unha tradición arraigada na memoria colectiva facéndoa visible acotío para os seus veciños e visitantes. En España contabilizáronse uns cento cincuenta monumentos amosados de forma aberta e constante que aluden á Semana Santa, contribuíndo, tamén, a enriquecer o catálogo artístico urbano.

A peonalización dos recintos/cascos históricos vai da man coa dignificación do mobiliario urbano, coa humanización e accesibilidade da contorna e tamén co seu embelecemento, a través do adecentamento do patrimonio arquitectónico e da implementación de monumentos artísticos, conmemorativos ou non, que dende hai certo tempo pasan do pedestal á rúa directamente, como se pode ver en numerosas cidades próximas e alleas. Por todo iso, considérase positiva a iniciativa de cumprimentar con esculturas artísticas de calidade, tanto por referirse á historia local: conmemoracións, personaxes relevantes, acontecementos importantes, etc. como polo feito de expoñer arte contemporánea, a pé de rúa, poñéndose ao nivel do espectador e potenciando un contacto real que proporciona outra perspectiva.

A proximidade e inmediatez das esculturas colocadas deste xeito, ademais de revalorizar ou dignificar un espazo concreto, evocan lembranzas históricas e fomentan un achegamento á creación artística de forma máis directa e persoal. Obviamente, esta accesibilidade tan directa tamén ten os seus perigos, pero

celebración, hay también un patrimonio inmaterial intangible basado en costumbres, representaciones, prácticas, música..., tradiciones visibles que reflejan un acontecimiento cultural y social transmitido de generación en generación, pero quizás el patrimonio cultural material compuesto sobre todo por su imajinería, pasos, complementos procesionales, objetos litúrgicos, etc. es la expresión más simbólica y obvia. Todo ello conforma un conjunto de bienes culturales que mezcla la liturgia religiosa con la participación ciudadana.

Por otra parte, la obra pública, vinculada con la celebración mencionada y ubicada como tal en municipios y ciudades, sirve para rememorar una tradición arraigada en la memoria colectiva haciéndola visible diariamente para sus vecinos y visitantes. En España se contabilizaron unos ciento cincuenta monumentos mostrados de forma abierta y constante que aluden a la Semana Santa, contribuyendo, también, a enriquecer el catálogo artístico urbano.

La peatonalización de los recintos/cascos históricos va de la mano con la dignificación del mobiliario urbano, con la humanización y accesibilidad del entorno y también su embellecimiento, a través del adecentamiento del patrimonio arquitectónico y de la implementación de monumentos artísticos, conmemorativos o no, que desde hace cierto tiempo pasan del pedestal a la calle directamente, como se puede ver en numerosas ciudades cercanas y ajenas. Por todo ello, se considera positiva la iniciativa de cumplimentar con esculturas artísticas de calidad, tanto por referirse a la historia local: conmemoraciones, personajes relevantes, acontecimientos importantes, etc. como por el hecho de exponer arte contemporánea, a pie de calle, poniéndose al nivel del espectador y potenciando un contacto real que proporciona otra perspectiva.

La proximidad y cercanía de las esculturas colocadas de esta forma, además de revalorizar o dignificar un espacio concreto, evocan recuerdos históricos y fomentan un acercamiento a la creación artística de forma más directa y personal. Obviamente, esta accesibilidad tan directa también tiene sus peligros, pero



▲ Distintas esculturas da Semana Santa (Guadalajara, Zamora, Medina de Rioseco)

o vandalismo ou os accidentes fortuitos non poden condicionar iniciativas coma estas.

A importancia da instalación de obras artísticas *ad hoc*, nun contexto concreto, tamén require por parte do artista dunha adecuación ao espazo urbano ou arquitectónico onde se integra, polo que o seu traballo non se limita só ao feito creativo senón á súa contextualización e significado. Así mesmo, o feito de traballar de encarga para plasmar un tema específico require dun esforzo engadido de documentación e estudo.

Álvaro de la Vega

A obra deste lucense está recoñecida por público e crítica, especialmente na súa faceta escultórica con esa característica aparencia realista de fondas raíces expresionistas, pero, tamén, con influencias da historia da arte galega e das nosas tradicións figurativas, sobre todo no traballo da pedra ou da madeira. Da súa produción escultórica, tanto en instalación/conxunto escultórico ou como pezas individuais, temos na exposición permanente do Museo de Lugo cumprida representación e testemuños da

el vandalismo o los accidentes fortuitos no pueden condicionar iniciativas como estas.

La importancia de la instalación de obras artísticas *ad hoc*, en un contexto concreto, también requiere por parte del artista de una adecuación al espacio urbano o arquitectónico donde se integran, por lo que su trabajo no se limita solo al hecho creativo sino a su contextualización y significado. Así mismo, el hecho de trabajar de encargo para plasmar un tema específico requiere de un esfuerzo añadido de documentación y estudio.

Álvaro de la Vega

La obra de este lucense está reconocida por público y crítica, especialmente en su faceta escultórica con esa característica apariencia realista de hondas raíces expresionistas, pero, también, con influencias de la historia del arte gallego y de nuestras tradiciones figurativas, sobre todo en el trabajo de la piedra o de la madera. De su producción escultórica, tanto en instalación/conjunto escultórico o como piezas individuales, tenemos en la exposición permanente del Museo de Lugo cumplida representación y testimonios de la

expresividade que produce no espectador a materia e a forma resultante nas mans deste xenial artista.

As figuras produto da súa creatividade reflicten, no caso da figura humana, uns personaxes profundos e ensumidos que parecen recentemente acabados de emerxer da materia. A forza e rotundidade que emana a materia contrasta coa fragilidade existencial do representado, pura metáfora da vida.

Mestura a tradición figurativa coa experimentación creativa cunha maestría encomiable e actualiza o *modus operandi* de escultores coma Asorey nas fondas e intencionadas pegadas que deixa o traballo da gubia na madeira. Estas singularidades expresivo-reflexivas tamén son aplicables ás instalacións ou conxuntos escultóricos que expuxo ao longo da súa carreira, na rúa ou nas salas de exposicións. A materia sempre ten un forte protagonismo, sobre todo nesas figuras en madeira desbastada minimamente coma as grosas pinceladas nun lenzo, con esa sensación de inacabado remate que provoca certo dramatismo e gran beleza.

Neste grupo escultórico de encarga, a orixinal creación en madeira transmítese ao bronce coa premisa da consolidación da fragilidade, da efémera e inevitable desaparición da materia orgánica en prol do metal que desafía mellor o paso do tempo. Da materia pasamos á forma, o xeito que o artista escolle de amosar os tres personaxes que anuncian, dende hai séculos, un dos actos máis singulares da Semana Santa viveirense, é a través da creación dun grupo escultórico marcado polas características máis salientables dunha representación que alude directamente a esta celebración relixiosa: o Encontro. Así, do maxín ou da tradición colectiva local, un feito concreto e inmaterial pasa a transcender en materia e forma, simbolizando e significando unha tradición identitaria.

A historia que representa esta obra está en relación co costume do percorrido polas rúas de Viveiro anunciándolle á cidadanía cunha explícita chamada á xente para asistir á procesión do Encontro. A comitiva formada por tres personaxes, vestidos co hábito

expresividad que produce en el espectador la materia y la forma resultante en las manos de este genial artista.

Las figuras producto de su creatividad reflejan, en el caso de la figura humana, unos personajes profundos y ensimismados que parecen recién acabados de emerger de la materia. La fuerza y rotundidad que emana la materia contrasta con la fragilidad existencial del representado, pura metáfora de la vida.

Mezcla la tradición figurativa con la experimentación creativa con una maestría encomiable y actualiza el *modus operandi* de escultores como Asorey en las hondas e intencionadas huellas que deja el trabajo de la gubia en la madera. Estas singularidades expresivo-reflexivas también son aplicables a las instalaciones o conjuntos escultóricos que ha expuesto a lo largo de su carrera, en la calle o en las salas de exposiciones. La materia siempre tiene un fuerte protagonismo, sobre todo en esas figuras en madera desbastada mínimamente como las gruesas pinceladas en un lienzo, con esa sensación de inacabado remate que provoca cierto dramatismo y gran belleza.

En este grupo escultórico de encargo, la original creación en madera se transmite al bronce con la premisa de la consolidación de la fragilidad, de la efímera e inevitable desaparición de la materia orgánica a favor del metal que desafía mejor el paso del tiempo. De la materia pasamos a la forma, la forma en la que el artista escoge mostrar a los tres personajes que anuncian, desde hace siglos, uno de los actos más singulares de la Semana Santa vivariense, es a través de la creación de un grupo escultórico marcado por las características más resaltables de una representación que alude directamente a esta celebración religiosa: el Encuentro. Así, del magín o de la tradición colectiva local, un hecho concreto e inmaterial pasa a transcender en materia y forma, simbolizando y significando una tradición que marca su identidad.

La historia que representa esta obra está en relación con la costumbre del recorrido por las calles de Viveiro anunciando a la ciudadanía con una explícita llamada a la gente para asistir a la procesión del Encuentro. La comitiva formada por tres



▲ Detalle escultura contemporánea de Álvaro de la Vega

franciscano e cubertos cos “capuchóns”, parábase a tocar o clarín cuns redobres de tambor e timbal. Entón, temos materializadas dúas tradicións, por unha banda os heraldos e por outra a música que sempre acompaña á Semana Santa. O xeito de representar os heraldos do Encontro, no momento xusto da “chamada”, captura un intre específico recollido na memoria colectiva local e lembra tamén ese son característico, inaudible na escultura pero evocador para os leigos na materia.

As tres figuras están realizando o seu cometido activamente, reflíctese o movemento nas galdrapas vermellas que adornan e significan os instrumentos musicais, dándolles, esteticamente, un toque cromático que o artista viu esencial e que o espectador tamén percibe lembrando un recurso pictórico ben abundante na historia da arte. A pose e as actitudes están tomadas directamente da realidade, conxelando un momento reiterado ano tras ano.

A técnica utilizada é a cera perdida, realizada no obradoiro de Cuqui Piñeiro, onde, á parte do proceso industrial da fundición do bronce, aínda se conserva un marcado carácter artesanal no coidado dos detalles e, en xeral, nun proceso xa usado con frecuencia para a estatuaria clásica grecorromana. Os modelos de madeira usados quedan no rexistro do proxecto como a obra orixinal base e poden contemplarse na exposición coas pegadas da súa manipulación.



▲ Orquesta Sinfónica de Galicia, Teatro Pastor Díaz. (Programa Adral)

personajes, vestidos con el hábito franciscano y cubiertos con los “capuchones”, se paraba a tocar el clarín con unos redobres de tambor y timbal. Entonces, tenemos materializadas dos tradiciones, por una parte los heraldos y por otra la música que siempre acompaña a la Semana Santa. La forma de representar a los heraldos del Encuentro, en el momento justo de la “llamada”, captura un momento específico recogido en la memoria colectiva local y recuerda también ese sonido característico, inaudible en la escultura pero evocador para legos en la materia.

Las tres figuras están realizando su cometido activamente, se refleja el movimiento en las gualdrapas rojas que adornan y significan los instrumentos musicales, dándoles, estéticamente, un toque cromático que el artista vio esencial y que el espectador también percibe recordando un recurso pictórico bien abundante en la historia del arte. La pose y las actitudes están tomadas directamente de la realidad, congelando un momento reiterado año tras año.

La técnica empleada es la cera perdida, realizada en el taller de Cuqui Piñeiro, donde, aparte del proceso industrial de la fundición del bronce, todavía se conserva un marcado carácter artesanal en el cuidado de los detalles y, en general, en un proceso ya usado con frecuencia para la estatuaria clásica grecorromana. Los modelos de madera usados quedan en el registro del proyecto como la

O longo proceso que supón a realización dunha escultura de encarga é un bo exemplo de xestión e planificación: a financiación, o tema escollido, a súa localización, etc. leva un percorrido laborioso e complexo; porén, a parte máis significativa é a propia evolución do proxecto creativo: ideas, bosquejos, descartes... traballo tan importante como o propio resultado final, porque nos amosa os medios e vicisitudes que se suceden ata o remate da obra. Por iso, nesta publicación non só se observa o resultado, senón tamén o camiño que levou aparelado, xunto cunha mostra ben significativa da produción artística de Álvaro de la Vega.

Tampouco hai que esquecer que esta obra pública deriva do interese da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro por realizar unha emotiva homenaxe ao confrade, intención que se quere compartir con todo o pobo e os seus visitantes.

A contemplación da arte pode ser un revulsivo do coñecemento, da introspección ou da socialización, pero desde logo non deixa indiferente a ningún espírito inqueda e substancial. Parafraseando a José Paz nun catálogo de Álvaro de la Vega, á transcendencia chégase a través da arte.

Por conseguinte, ademais de celebrar a instalación dunha obra de arte na vila de Viveiro, faise visible a Semana Santa e, ao mesmo tempo, promociona ou dinamiza o casco histórico podéndose comprobar que apostar pola cultura ten resultados positivos en moitos eidos.

Finalmente, como colofón, cómpre dignificar e recoñecer o gran traballo de organización que realizan as confrarías, tanto para a conservación e renovación dos seus símbolos e tradicións durante todo o ano, como para o mantemento e difusión deste feito cultural. Iniciativas coma esta son un paso para a actualización dunha tradición que se pode modernizar en contidos e atractivos paralelos para que lles sexa máis interesante ás novas xeracións sen perder os costumes propios e o rigor histórico.

obra original base y pueden contemplarse en la exposición con las huellas de su manipulación.

El largo proceso que supone la realización de una escultura de encargo es un buen ejemplo de gestión y planificación: la financiación, el tema escogido, su ubicación, etc. lleva un recorrido laborioso y complejo; sin embargo, la parte más significativa es la propia evolución del proyecto creativo: ideas, bosquejos, descartes... trabajo tan importante como el propio resultado final, porque nos muestra los medios y vicisitudes que se suceden hasta el final de la obra. Por eso, en esta publicación no solo se observa el resultado, sino también el camino que llevó aparejado, junto con una muestra muy significativa de la producción artística de Álvaro de la Vega.

Tampoco hay que olvidar que esta obra pública deriva del interés de la Junta de Cofradías de la Semana Santa de Viveiro por realizar un emotivo homenaje al confrade, intención que se quiere compartir con todo el pueblo y sus visitantes.

La contemplación del arte puede ser un revulsivo del conocimiento, de la introspección o de la socialización, pero desde luego no deja indiferente a ningún espíritu inquieto y substancial. Parafraseando a José Paz en un catálogo de Álvaro de la Vega, a la transcendencia se llega a través del arte.

Por consiguiente, además de celebrar la instalación de una obra de arte en el municipio de Viveiro, se hace visible la Semana Santa y, al mismo tiempo, promociona o dinamiza el casco histórico pudiéndose comprobar que apostar por la cultura produce resultados positivos en muchos campos.

Finalmente, como colofón, es necesario dignificar y reconocer el gran trabajo de organización que realizan las cofradías, tanto para la conservación y renovación de sus símbolos y tradiciones durante todo el año, como para el mantenimiento y difusión de este hecho cultural. Iniciativas como esta son un paso para la actualización de una tradición que se puede modernizar en contenidos y atractivos paralelos para ser más interesante a las nuevas generaciones sin perder las costumbres propias y el rigor histórico.



▲ Maqueta realizada en poliestireno e pasta de papel
Maqueta realizada en poliestireno y pasta de papel



▲ Maqueta realizada en barro
Maqueta realizada en barro

Primeiras maquetas do proxecto
Primeras maquetas del proyecto



▲ Bosquexo. 21x25 cm. Lapis sobre papel
Boceto. 21x25 cm. Lápiz sobre papel

Bosquexos a lapis
Bocetos a lápiz



▲ Bosquexo. 27x21 cm. Lapis sobre papel
Boceto. 27x21 cm. Lápiz sobre papel



▲ Bosquexo. 21x27 cm. Lapis sobre papel
Boceto. 21x27 cm. Lápiz sobre papel



▲ Bosquexo. 21x26 cm. Lapis sobre papel
Boceto. 21x26 cm. Lápiz sobre papel



▲ Bosquexo. 17x28 cm. Augada e lapis sobre papel
Boceto. 17x28 cm. Aguada y lápiz sobre papel



▲ Bosquexo. 21x25 cm. Lapis sobre papel
Boceto. 21x25 cm. Lápiz sobre papel



▲ Bosquexo. 18x28 cm. Augada e lapis sobre papel
Boceto. 18x28 cm. Aguada y lápiz sobre papel




▲ Bosquexo. 21x25 cm. Lapis sobre papel
Boceto. 21x25 cm. Lápiz sobre papel



▲ Bosquexo. 27x17 cm. Lapis sobre cartón
Boceto. 27x17 cm. Lápiz sobre cartón



▲ Bosquexo. 27x17 cm. Lapis sobre cartón
Boceto. 27x17 cm. Lápiz sobre cartón



▲ Bosquexo. 24x24 cm. Lapis sobre papel
Boceto. 24x24 cm. Lápiz sobre papel



Procesos de ejecución na madeira
 Procesos de ejecución en la madera



Reproducción simplificada en miniatura dos Heraldos do Encontro ▲

24x13x15 cm. Barro

Reproducción simplificada en miniatura de los Heraldos del Encuentro

24x13x15 cm. Barro

Resultado final
Resultado final



- ▲ Reprodución simplificada en miniatura dos Heraldos do Encontro
24x13x15 cm. Bronce
Reproducción simplificada en miniatura de los Heraldos del Encuentro
24x13x15 cm. Bronce



◀
Heraldos do Encontro
Timbal 195x70x90 cm
Clarín 185x70x130 cm
Tambor 190x60x85 cm
Madeira de eucalipto
Heraldos del Encuentro
Timbal 195x70x90 cm
Clarín 185x70x130 cm
Tambor 190x60x85 cm
Madera de eucalipto



◀
Detalles en madeira
Detalles en madeira

►
Heraldos do Encontro
Timbal 195x70x90 cm
Clarín 185x70x130 cm
Tambor 190x60x85 cm
Bronce

Heraldos del Encuentro
Timbal 195x70x90 cm
Clarín 185x70x130 cm
Tambor 190x60x85 cm
Bronce



►
Detalles en bronce
Detalles en bronce



Xabier Limia de Gardón

Dr. H.^ª da Arte, UNED-Ourense, crítico de arte

Dr. H.^ª del Arte, UNED-Ourense, crítico de arte



34

Álvaro de la Vega. A propósito do grupo escultórico de Semana Santa de Viveiro.

Unha visibilidade especial alcanza o artista cando coloca as súas obras na cidade. Sábeo ben Álvaro de la Vega, quen desenvolveu as súas mostras expositivas, en ocasións, máis alá do espazo da sala, por moi ampla que esta fose. Así ata a rúa, como cando expuxo en 2005 na sala baixa do Centro Cultural de Ourense. Mais o que aquí era un recurso efémero no tempo, que cobraba o seu pleno sentido de escultura expandida ao reportar a un discurso interior, cobra outra luz na praza do Auditorio daquela cidade capital do Sur de Galicia, marco permanente para unha estatua súa, un home ante un limiar... É este un diálogo de interacción coas miradas dos viandantes das que gusta, sentindo a proximidade desa presenza que remite sempre a unha inmanencia interna.

No noso ámbito galego hai, na historia recente, un punto de inflexión, *Galicia, Terra Única* que, de maio a outubro de 1997, encheu de esculturas urbanas sete cidades do noso Antigo

Álvaro de la Vega. A propósito del grupo escultórico de Semana Santa de Viveiro.

Una visibilidad especial alcanza el artista cuando coloca sus obras en la ciudad. Lo sabe bien Álvaro de la Vega, quien ha desarrollado sus muestras expositivas, en ocasiones, más allá del espacio de la sala, por muy amplia que esta fuese. Así hasta la calle, como cuando expuso en 2005 en la sala baja del Centro Cultural de Ourense. Mas lo que aquí era un recurso efémero en el tiempo, que cobraba su pleno sentido de escultura expandida al reportar a un discurso interior, cobra otra luz en la Plaza del Auditorio de aquella ciudad capital del Sur de Galicia, marco permanente para una estatua suya, un hombre ante un umbral... Es este un diálogo de interacción con las miradas de los viandantes de las que gusta, sintiendo la proximidad de esa presencia que remite siempre a una inmanencia interna.

En nuestro ámbito gallego hay, en la historia reciente, un punto de inflexión, *Galicia, Terra Única* que, de mayo a octubre de 1997,

Reino: Lugo, Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Ferrol. A elas engadíronselles senllas intervencións en Vilagarcía de Arousa e Marín. Neste impulso debemos ver un *terminus ante quem*, fito referencial que acostumou, desde entón, a cidadanía a compartir o espazo con estatuas á altura humana en prazas e rúas. Así mesmo, foi un impulso para o exíguo patrimonio monumental da Idade Contemporánea, que se vén facendo presente desde o último terzo do século XIX. Mais entón, e na primeira metade da pasada centuria, eran principalmente personaxes, homes de prol, próceres da Patria ou da República das Letras, a pé ou a cabalo, mais sempre en altos pedestais. Diso é elocuente exemplo a estatua de Nicomedes Pastor Díaz en Viveiro (1891, José Campeny). Álvaro de la Vega foi participante daquel evento (en Santiago e Vigo), o que o avala, dalgunha maneira, para a magna empresa viveirense.

OS HERALDOS DO ENCONTRO. INTERSIGNUM DO TRIDUO PASCUAL

De Rianxo a Viveiro viaxou o grupo escultórico. No pequeno taller do porto da vila de Manuel Antonio e Castelao -Arousa Norte-, Álvaro, golpe a golpe, verso a verso¹, levanta unha a unha as pezas que conforman as figuras dos mensaxeiros, presenza usual na Semana Santa, con música e franciscano hábito, nas rúas da *'Moi Nobre e Leal Cidade'* de Viveiro. Trío de metal e percusión dobre, son de chamada que rompe o aire no silencio matinal e anuncia o Encontro, na praza Maior e adro de Santa María do Campo, de Xesús *'levando a ombros a súa propia cruz'* (Xn. 19,17) e a Dolorosa, a Verónica e San Xoán, tallas articuladas do século XV e XVIII, respectivamente, que levan os confrades. Os tres 'Heraldos' centran desde o venres o triduo, desde o compromiso dos laicos da Venerable Orde Terceira franciscana. Todos son homes do pobo. É por iso, desde o explícito da súa función e contido, unha escultura disciplinada. O artista, atento ao sentido, disponos na

¹ Cfr. Joan Manuel Serrat: *Cantares*, 1969

llenó de esculturas urbanas sete cidades de nuestro Antigo Reino: Lugo, Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra y Ferrol. A ellas se añadieron sendas intervenciones en Vilagarcía de Arousa y Marín. En este impulso debemos ver un *términus ante quem*, hito referencial que ha acostumbrado, desde entonces, a la ciudadanía a compartir el espacio con estatuas a la altura humana en plazas y calles. Asimismo, ha sido un impulso para el exíguo patrimonio monumental de la Edad Contemporánea, que se viene haciendo presente desde el último tercio del siglo XIX. Mas entonces, y en la primera mitad de la pasada centuria, eran principalmente personajes, prohombres, próceres de la Patria o de la República de las Letras, a pie o a caballo, mas siempre en altos pedestales. De ello es elocuente ejemplo la estatua de Nicomedes Pastor Díaz en Viveiro (1891, José Campeny). Álvaro de la Vega fue participante de aquel evento (en Santiago y Vigo), lo que le avala, de alguna manera, para la magna empresa vivariense.

LOS HERALDOS DEL ENCUENTRO. INTERSIGNUM DEL TRIDUO PASCUAL

De Rianxo a Viveiro ha viajado el grupo escultórico. En el pequeño taller del puerto de la villa de Manuel Antonio y Castelao -Arousa Norte-, Álvaro, golpe a golpe, verso a verso¹, levanta una a una las piezas que conforman las figuras de los mensajeros, presencia usual en la Semana Santa, con música y franciscano hábito, en las calles de *'la Muy Noble y Leal Ciudad'* de Viveiro. Trío de metal y percusión doble, sonido de llamada que rompe el aire en el silencio matinal y anuncia el Encuentro, en la Plaza Mayor y atrio de Santa María del Campo, de Jesús *'llevando a hombros su propia cruz'* (Jn. 19,17) y la Dolorosa, la Verónica y San Juan, tallas articuladas del siglo XV y XVIII, respectivamente, que llevan los cofrades. Los tres 'Heraldos' centran desde el viernes el triduo, desde el compromiso de los laicos de la Venerable Orden Tercera franciscana. Todos son hombres del pueblo. Es por ello, desde lo

¹ Cfr. Joan Manuel Serrat: *Cantares*, 1969

súa formación tripartita e concentrado dicir sonoro axustando os seus xestos. Son, así mesmo, desde a súa esperada presenza, previa á escena do Encontro, o aldrabón que prevén, e concentra, o clímax do pobo facendo piña coa Nai que quere despedirse do Fillo que se encamiña ao Calvario. Esta é unha escena desenvolta libremente polos predicadores e inspirada no texto do Evanxeo (Lc. 23, 26-31): é o desenvolvemento dun sentimento relixioso desde o amor filial que anuncian *os Heraldos do Encontro*. Esta escultura de grupo é, con todo, unha creación ex novo.

Hai nela moito do estilo deste artista singular que é Álvaro. Así na superficie das pezas, que é sempre textura e pel. Aquí está o seu vocabulario de cortes, finos e densos, de áspero aspecto en aparencia, que a certa distancia produce una sensación viva: unha linguaxe xa consolidada no artista desde hai tempo, con esa intencionalidade expresiva que tan efectiva resulta nestas duras pezas de eucalipto. Desde as motoserras aos machados, principalmente, ou as gubias, ferramentas que manexa con destreza man, velocidade e precisión sobre a madeira, materia esta coa que desde novo tiña trato e pola que se decantou para o seu dicir plástico final. Mais, no seu oficio de escultor, hai un antes co grafito na folla de papel. É o debuxo do lapis erguendo a imaxe sobre o taboleiro, para o desenvolvemento das formas volumétricas. Formas que el ve antes que coa súa man, coa súa mente, uns modos de representación que poden parecer parte dun proceso mais que son en Álvaro profesión de debuxante, e pintor, desenvolta na súa biografía na súa primeira época e nunca perdida desde a súa docencia en institutos. Logo, tras este traballo na cociña do taller, de debuxo e talla, chegará a exposición na Galería.

O artista, acostumado como está en traducir ideas, en xestos e actitudes, formas plásticas desde a madeira como materia de raíz, transfórmase na súas mans en expresión de sentimentos: así esta imaxe canónica popular da Semana Santa viveireNSE foi para el un concretar o tema do drama relixioso do triduo pascual, para ir máis alá da transcripción concreta da imaxe. Nela hai liñas para

explícito de su función y contenido, una escultura disciplinada. El artista atento al sentido, los dispone en su formación tripartita y concentrado decir sonoro ajustando sus gestos. Son, asimismo, desde su esperada presencia, previa a la escena del Encuentro, el aldrabón que previene, y concentra, el clímax del pueblo haciendo piña con la Madre que quiere despedirse del Hijo que se encamina al Calvario. Esta es una escena desarrollada libremente por los predicadores e inspirada en el texto del Evangelio (Lc. 23, 26-31): es el desarrollo de un sentimiento religioso desde el amor filial que anuncian *Los Heraldos del Encuentro*. Esta escultura de grupo es, con todo, una creación ex novo.

Hay en ella mucho del estilo de este artista singular que es Álvaro. Así en la superficie de las piezas, que es siempre textura y piel. Aquí está su vocabulario de cortes, finos y densos, de áspero aspecto en apariencia, que a cierta distancia produce una sensación viva: un lenguaje ya consolidado en el artista desde hace tiempo, con esa intencionalidad expresiva que tan efectiva resulta en estas duras piezas de eucalipto. Desde las motosierras a las hachas, principalmente, o las gubias, herramientas que maneja con diestra mano, velocidad y precisión sobre la madera, materia esta con la que desde joven tiene trato, y por la que se ha decantado para su dicir plástico final. Mas, en su oficio de escultor, hay un antes con el grafito en la hoja de papel. Es el dibujo del lápiz levantando la imagen sobre el tablero, para el desarrollo de las formas volumétricas. Estas las ve antes que con su mano, con su mente, unos modos de representación que pueden parecer parte de un proceso mas que son en Álvaro profesión de dibujante, y pintor, desarrollada en su biografía en su primera época, y nunca perdida desde su docencia en institutos. Luego, tras este trabajo en la cocina del taller, de dibujo y talla, llegará la exposición en la Galería.

El artista, acostumbrado como está en traducir ideas, en gestos y actitudes, formas plásticas desde la madera como materia de raíz, se transforma en sus manos en expresión de sentimientos: así esta imagen canónica popular de la Semana Santa viviriense ha sido para él un concretar el tema del drama religioso del triduo pascual,

perfis individuais con xesto coral, e unha escala en volume na que plasma con verosimilitude unhas figuras vistas, ou entrevistas, no desfile, escoitadas e sempre sentidas cada ano para transformalas en estereotipos-símbolo. O seu papel, necesariamente breve na escenificación do drama da Paixón, é, desde agora, presenza perenne na praza. A declaración de Interese Turístico Internacional que ten Viveiro desde 2013, coas súas oito Confrarías e Irmandades, faise así visible no escuro bronce, triplo fito da cidade..., con acentos de cor vermella nos forros das caixas dos tambores e tea do clarín, simbólicas cores que na Semana Santa son o anticipo do sangue derramado na Paixón.

UNHA ESCULTURA LIBERTARIA

A obra de Álvaro de la Vega é unha expresión de liberdade creativa e compositiva. Esta ten o seu centro na vida, entendida desde a raíz, en Paradela, centro do seu mundo de artista. Desde aquí, o individuo, cos pés na terra: Álvaro González de la Vega. De Lugo á costa, pasando por Barcelona -pisadas no tempo- é o seu arco vital. En Corcubión viviu e en Rianxo mora. Este é o seu espazo de creador de mundos, no que pensa, fala e habita. En Xinzo de Limia (Ourense) impartiu docencia e, ultimamente, instrúe en Mazaricos (A Coruña). Son todas estacións de relación e interacción, mais a súa patria verdadeira, o seu *nous* (Anaxágoras de Clazomene), ten por centro o seu interior ancorado na infancia de xogos e o traballo realizado na adolescencia para axuda da elaboración do pan na empresa familiar, olor a terra, leña que cortaba para o forno, aroma de pan fresco, nun tempo propio, intransferible. É un individualista esencial, como somos tantos en Galicia, mais non por iso a súa obra é hermética, que o é tan só na súa raíz persoal, de índole reflexiva, contemplativa incluso, que se esponxa no papel desde o lapis de grafito pitt de Faber, a man conectada á mente aberta ao mundo, para compartir desde este tempo..., quizais por crer, como Wilde que *'o verdadeiro misterio do mundo é o visible, non o invisible'*. Por aquilo, mais tamén por isto, é escultor. Na arte móvese con pasos propios, desde lecturas e intuicións...,

para ir más allá de la transcripción concreta de la imagen. En ella hay líneas para perfiles individuales con gesto coral, y una escala en volumen en la que plasma con verosimilitud unas figuras vistas, o entrevistas, en el desfile, escuchadas, y siempre sentidas cada año para transformarlas en estereotipos-símbolo. Su papel, necesariamente breve en la escenificación del drama de la Pasión, es, desde ahora, presencia perenne en la plaza. La declaración de Interés Turístico Internacional que tiene Viveiro desde 2013, con sus ocho Cofradías y Hermandades, se hace así visible en el oscuro bronce, triple hito de la ciudad..., con acentos de color rojo en los forros de las cajas de los tambores y tela del clarín, simbólicos colores que en la Semana Santa son el anticipo de la sangre derramada en la Pasión..

UNA ESCULTURA LIBERTARIA

La obra de Álvaro de la Vega es una expresión de libertad creativa y compositiva. Esta tiene su centro en la vida, entendida desde la raíz, en Paradela, centro de su mundo de artista. Desde aquí, el individuo, con los pies en la tierra: Álvaro González de la Vega. De Lugo a la costa, pasando por Barcelona -pisadas en el tiempo- es su arco vital. En Corcubión ha vivido, y en Rianxo mora. Este es su espacio de creador de mundos, en el que piensa, habla y habita. En Xinzo de Limia (Ourense) impartió docencia y, últimamente, alecciona en Mazaricos (A Coruña). Son todas estaciones de relación e interacción, mas su patria verdadera, su *nous* (Anaxágoras de Clazomene), tiene por centro su interior anclado en la infancia de juegos y el trabajo realizado en la adolescencia para ayuda de la elaboración del pan en la empresa familiar, olor a tierra, leña que cortaba para el horno, aroma de pan fresco, en un tiempo propio, intransferible. Es un individualista esencial, como somos tantos en Galicia, mas no por ello su obra es hermética, que lo es tan sólo en su raíz personal, de índole reflexiva, contemplativa incluso, que se esponja en el papel desde el lápiz de grafito pitt de Faber, la mano conectada a la mente abierta al mundo, para compartir desde este tiempo..., quizás por creer, como Wilde que *'el verdadero*

abríndose camiño campo a través ou tomando vías secundarias, pouco transitadas, pois gusta de liberdade no seu camiñar, co ritmo a medida do corazón. Co papel, que foi celulosa e non perdeu o seu ser de madeira, atrapa esa imaxe auroral que devén sólida na peza que desbasta, nun vigoroso exercicio de praxe plástica: o tímido e sensitivo artista que é Álvaro faise relacional. Así cando afirma *'un anaco de madeira é capaz de ser home sen deixar de ser madeira'*, estanos a falar do desenvolvemento dunha idea, coa súa técnica de talla viva para que a escultura fale e se exprese desde a súa esencia de árbore. Por iso é *'unha presenza que comunica cun baleiro'*, co que limita, nun diálogo constante.

Colga Álvaro da parede as madeiras, xa esculturas, sostidas por cables ou dispostas en soportes en ximnástica suspensión, dialogando empolicadas en troncos-atalaias ou formando escenas..., aínda que o seu é conseguir que a expresión vaia máis alá das figuras, cara ao espazo. Son intervencións que expresan trabas e ataduras, ¿para interpelar conciencias? Mais non interpretemos, que *'el arte no necesita argumentos para la libertad, pues es en sí mismo su afirmación más primigenia y contundente'*². Utiliza tamén a terracota e, en contadas ocasións, ferro, materiais nos que tamén se fai presente a fendadura in media res, espazo de unión das dúas metades do corpo, cicatriz-pegada do paso do tempo para que o espírito flúa, trazo recoñecible do seu vocabulario. Outro é o dos tensores metálicos cos que arma as pezas, sumatorio de partes. Son as súas madeiras de ergueitos eucaliptos atlánticos, reencarnadas en esculturas desde as súas mans outrora trabes do engrellado das bateas da Ría de Arousa. Teñen aínda as pegadas das oxidacións metálicas que as uniron, cores, cicatrices (non así o olmeiro e o castiro que, ás veces, utiliza). Con el desenvolve, desde hai uns anos, unha alegoría coral de máis de 250 pezas, aínda non pechada, como o número pi, pequenas tallas que se arremuíñan, con roupa interior branca, coreografía da *Árbore da boa Vida*, ou tempo antes do tempo,

² J.F. Martel: *Vindicación del arte en la era del artificio*, Atalanta, Xirona, 2017

misterio del mundo es lo visible, no lo invisible'. Por aquilo, mas tamén por esto, es escultor. En el arte se mueve con pasos propios, desde lecturas e intuiciones... , abríndose camiño campo a través o tomando vías secundarias, poco transitadas, pues gusta de libertad en su caminar, con el ritmo a medida del corazón. Con el papel, que fue celulosa y no ha perdido su ser de madera, atrapa esa imagen auroral que deviene sólida en la pieza que desbasta, en un vigoroso ejercicio de praxis plástica: el tímido y sensitivo artista que es Álvaro se hace relacional. Así cuando afirma *'un pedazo de madera es capaz de ser hombre sin dejar de ser madera'*, nos está hablando del desarrollo de una idea, con su técnica de talla viva para que la escultura hable y se exprese desde su esencia de árbol. Por ello es *'una presencia que comunica con un vacío'*, con el que limita, en un diálogo constante.

Cuelga Álvaro de la pared las maderas, ya esculturas, sostenidas por cables o dispuestas en soportes en gimnástica suspensión, dialogando encaramadas en troncos-atalayas o formando escenas..., aunque lo suyo es conseguir que la expresión vaya más allá de las figuras, hacia el espacio. Son intervenciones que expresan trabas y ataduras, ¿para interpelar conciencias? Mas no interpretemos, que *'el arte no necesita argumentos para la libertad, pues es en sí mismo su afirmación más primigenia y contundente'*². Utiliza también la terracota y, en contadas ocasiones hierro, materiales en los que también se hace presente la hendidura in media res, espacio de unión de las dos mitades del cuerpo, cicatriz-huella del paso del tiempo para que el espíritu fluya, trazo reconocible de su vocabulario. Otro es el de los tensores metálicos con los que arma las piezas, sumatorio de partes. Son sus maderas de enhiestos eucaliptos atlánticos, reencarnadas en esculturas desde sus manos otrora vigas del emparrillado de las bateas de la Ría de Arousa. Tienen aún las huellas de las oxidaciones metálicas que las unieron, colores, cicatrices (no así el olmo, y el castaño que a veces utiliza). Con él desarrolla, desde hace unos años, una

² J.F. Martel: *Vindicación del arte en la era del artificio*, Atalanta, Girona, 2017

nunha vida sen prása, a do Paraíso. Entón ocupaba o centro o corazón. Aquí está o seu espiral de interese, no regreso á fondura do corazón, que nos dá unha sabedoría estable e forte, antídoto verdadeiro á homologación do pensamento colectivo.

alegoría coral de máis de 250 piezas, aún no cerrada, cómo el número pi, pequeñas tallas que se arremolinan, con ropa interior blanca, coreografía del *Árbol de la buena Vida*, o tiempo antes del tiempo, en una vida sin prisa, la del Paraíso. Entonces ocupaba el centro el corazón. Aquí está su espiral de interés, en el regreso a la hondura del corazón, que nos da una sabiduría estable y fuerte, antídoto verdadero a la homologación del pensamiento colectivo.



▲ Heraldos do Encontro. Amencer do Venres Santo
Heraldos del Encuentro. Madrugada del Viernes Santo


Álvaro de la Vega

40


Obras contemporáneas

►
Sen Título
Técnica Mixta
Eucalipto e madeira reciclada de batea
Medidas 176x48x40 cm
Año 2014
Sin Título
Técnica Mixta
Eucalipto y madera reciclada de batea
Medidas 176x48x40 cm
Año 2014





Suspensión I
Madera de eucalipto
Medidas 230x95x50 cm
Año 2015
Suspensión I
Madera de eucalipto
Medidas 230x95x50 cm
Año 2015



►
Suspensión II
Madeira de eucalipto
Medidas 138x34x67 cm
Año 2015
Suspensión II
Madeira de eucalipto
Medidas 138x34x67 cm
Año 2015



Sen Título
Dúas figuras de cerámica sobre peaña
Terracota e madeira
Medidas 175x20x45 cm
Año 2009

Sin Título
Dos figuras de cerámica sobre peaña
Terracota y madera
Medidas 175x20x45 cm
Año 2009



►
Peregrino
Madeira de eucalipto e cerdeira
Medidas 54x15x25 cm
Ano 2012
Peregrino
Madera de eucalipto y cerezo
Medidas 54x15x25 cm
Año 2012





Camiñando sobre as augas
(dúas figuras)

Madeira de eucalipto

35x30x80 cm


Ano 2014

Caminando sobre las aguas
(dos figuras)

Madera de eucalipto

35x30x80 cm

Año 2014



Cabalo

Madeira de olmo

95x98x30 cm

Ano 2002

Caballo

Madera de olmo


95x98x30 cm

Año 2002



Obertura ventás
Madeira de eucalipto
Medidas 142x95x110 cm
Ano 2007

Obertura ventanas
Madera de eucalipto
Medidas 142x95x110 cm
Año 2007



►
Secuencia A.B.V.
Madera de eucalipto e loureiro
Medidas 150x80x110 cm
Año 2015
Secuencia A.B.V.
Madera de eucalipto y laurel
Medidas 150x80x110 cm
Año 2015



Contemplación
Madera
Medidas 160x100x100 cm
Año 2005
Contemplación
Madera
Medidas 160x100x100 cm
Año 2005

►
Coroza
Madeira de olmo e ferro
Medidas 165x80x70 cm
Ano 2004
Coroza
Madera de olmo y hierro
Medidas 165x80x70 cm
Año 2004



Álvaro de la Vega

Álvaro de la Vega nace en Paradela (Lugo), en 1954, lugar onde pasará a súa infancia e que terá gran influencia en toda a súa creación artística. Por motivos familiares, trasládase xunto coa súa familia a Luarca (Asturias) uns anos. Regresa a Lugo para finalizar os seus estudos de Bacharelato. É nesta cidade onde realiza a súa primeira exposición, da que só se conserva un cadro. Con vinte e dous anos trasládase a Barcelona para cursar estudos de Belas Artes. Nesta etapa inicial, a pintura é o seu medio habitual de expresión e as súas principais fontes de influencia a fotografía e o cómic, chegando a explorar o graffiti.

Álvaro de la Vega nace en Paradela (Lugo) en 1954, lugar donde pasará su infancia y que tendrá gran influencia en toda su creación artística. Por motivos familiares, se traslada junto con su familia a Luarca (Asturias) unos años. Regresa a Lugo para finalizar sus estudios de Bachillerato. Es en esta ciudad donde realiza su primera exposición, de la que sólo se conserva un cuadro. Con veintidós años se traslada a Barcelona para cursar estudios de Bellas Artes. En esta etapa inicial, la pintura es su medio habitual de expresión y sus principales fuentes de influencia la fotografía y el cómic, llegando a explorar el graffiti.



En 1990, tras instalarse en Corcubión (A Coruña), é cando comeza a explorar a linguaxe escultórica. Para iso toma como punto de partida a figura, tanto humana como animal, “Somos pel sostida sobre unha estrutura. Por iso fixen un esqueleto como punto de partida”. É, de novo, en Barcelona onde realiza a súa primeira individual de escultura na Galería Tom Maddock, en 1991. Estas primeiras obras de madeira caracterízanse polo uso da pintura como medio para potenciar o valor expresivo.

Durante a década dos 90, a súa linguaxe escultórica consolídase aparecendo outro tipo de materiais como o ferro, a cerámica ou a pedra, materiais vinculados á natureza ou ás profesións tradicionais: “o ferro é un material humilde, cotián, no ferro fúndense o colectivo e o fugaz, o individual, o solitario, o estrito.” Os finais dos noventa inician unha etapa de intensa actividade expositiva, que se estende á actualidade, con presenza en importantes galerías e institucións. Ao mesmo tempo, inicia a carreira internacional e a súa obra comeza a formar parte de destacadas coleccións públicas e privadas.

A mediados da primeira década deste novo século, o artista afonda na exploración da relación da obra co espazo. Para iso utiliza os máis diversos recursos, desde cables que se fixan a paramentos ou aos teitos xerando tensións, a cerramentos ou soportes que actúan como verdadeiras intervencións no lugar que ocupan. Esta interrelación entre espazo-obra-espectador continúa sendo na actualidade un dos eixes do seu discurso artístico, un discurso maduro e depurado que evoluciona gardando fidelidade absoluta aos seus principios fundamentais. En propias palabras do artista: “antes que nada unha escultura é unha presenza que comunica cun baleiro e creo que por aí debe comezar o espectador”.

Es en 1990, tras instalarse en Corcubión (A Coruña), cuando comienza a explorar el lenguaje escultórico. Para ello toma como punto de partida la figura, tanto humana como animal: “somos piel sostenida sobre una estructura. Por eso hice un esqueleto como punto de partida”. Es de nuevo en Barcelona donde realiza su primera individual de escultura en la Galería Tom Maddock en 1991. Estas primeras obras de madera se caracterizan por el uso de la pintura como medio para potenciar el valor expresivo.

Durante la década de los 90, su lenguaje escultórico se consolida apareciendo otro tipo de materiales como el hierro, la cerámica o la piedra, materiales vinculados a la naturaleza o a las profesiones tradicionales: “el hierro es un material humilde, cotidiano, en el hierro se funden lo colectivo y lo fugaz, lo individual, lo solitario, lo estricto”. Los finales de los noventa inician una etapa de intensa actividad expositiva, que se extiende a la actualidad, con presencia en importantes galerías e instituciones. Al mismo tiempo inicia la carrera internacional y su obra comienza a formar parte de destacadas colecciones públicas y privadas.

A mediados de la primera década de este nuevo siglo, el artista profundiza en la exploración de la relación de la obra con el espacio. Para ello utiliza los más diversos recursos, desde cables que se fijan a paramentos o a los techos generando tensiones, a cerramientos o soportes que actúan como verdaderas intervenciones en el lugar que ocupan. Esta interrelación entre espacio-obra-espectador continúa siendo en la actualidad uno de los ejes de su discurso artístico, un discurso maduro y depurado que evoluciona guardando fidelidad absoluta a sus principios fundamentales. En propias palabras del artista: “antes que nada una escultura es una presencia que comunica con un vacío y creo que por ahí debe empezar el espectador”.

Exposicións individuais **Exposiciones individuales**

- 2017 *Obra contemporánea*. Sala Multiusos do Concello de Viveiro
2017 *Heraldos do Encontro*. Biblioteca Municipal de Viveiro
2015 *Atalaias*. Galería Dua 2, Vigo
2015 *Atalaias*. Ou espazos lixeiros. Ou como mirar a quen mira. Galería Clérigos, Lugo.
2014 *Adverbios de modo*. Moretart Espacio. A Coruña
2012 *Emerxentes*. Citania. Santiago de Compostela
Transversais. Clérigos. Lugo
Ilustración de *Follas novas*. Colección Rosalía de Castro. Poesía ilustrada, vol. III. El Patito Editorial.
2010 *Adverbios de lugar*. Moret Art Espacio. A Coruña
2009 *Puntos de encontro puntos de fuga*. Biblioteca Ánxel Casal. Santiago de Compostela.
2008 Galería PM8. Vigo
2007 Galería Ana Vilaseco. A Coruña
2006 *Álvaro de la Vega*. Centro Social Caixanova. Vigo
Álvaro de la Vega. Galería Espacio 48. Santiago de Compostela
2005 Centro Cultural Deputación. Ourense
2004 *Álvaro de la Vega*, Galería Espacio 48. Santiago de Compostela
2003 Galería Por Amor á Arte. Porto, Portugal
Álvaro de la Vega, Museo Provincial de Lugo
2002 Galería Clérigos. Lugo
Galería Cuatro Diecisiete. Madrid
Galería Alameda Vanguardia. Vigo
2001 *Álvaro de la Vega*, Museo Barjola. Xixón
2000 Galería Sargadelos. Ferrol
1999 Galería Clérigos. Lugo
1998 Escola Técnica Superior de Arquitectura. A Coruña
Palacio de Congresos y Exposiciones. Madrid
Casa da Parra. Santiago de Compostela
1997 Galería Citania. Santiago de Compostela
Galería Sargadelos. Ferrol
1996 Galería Clérigos. Lugo
Galería Sió Levy. Barcelona
Galería Obradoiro de Artes. Tamallancos, Ourense
1995 Casa de Galicia. Madrid

- Galería Obelisco. A Coruña
Galería Alameda. Vigo
1994 Galería Obelisco. A Coruña
1991 Galería Tom Maddock. Barcelona
Galería Denise Levy. Paris
1984 Claustro de San Martín Pinario. Santiago de Compostela
Sala Planta Baja. Granada
1981 Galería Sargadelos. Madrid
1980 Galería Taller Picasso. Barcelona
1978 Galería Taller Picasso. Barcelona
1974 Deputación Provincial. Lugo

Exposicións colectivas **Exposiciones colectivas**

- 2014 *Art Madrid*. Moretart Espacio
2013 *Art Madrid*. Galería Montenegro
45 días in situ. Galería Visol. Ourense.
2012 *Reflexarte*. Itinerante.
73x73x273. A irmá do sono. Santiago de Compostela.
2011 *Arte na vila*. Galería a+b, A Guarda, Pontevedra
Espacio Atlántico. Vigo.
10! Visiones contemporáneas. UBS España, Madrid
2010 *Arte na provincia*. Espazo e creación, Deputación da Coruña, A Coruña.
Colectiva de verano, Galería Clérigos. Lugo
Escultura de parede, Galería Clérigos. Lugo
Cidade dos soños, Pazo de Castrelos. Vigo
Espacio Atlántico. Galería Clerigos, Lugo e Galería Dua2. Vigo
2009 *Art Madrid*. Galería Metro. Madrid
Colectiva de Nadal, Galería Clérigos. Lugo
Simposio de escultura. Vila Nova de Gaia, Portugal
2008 *5 Visións desde os 90*, Centro Torrente Ballester. Ferrol
Encuentro de escultores. Universidad de La Salle. Madrid
Casa da Parra. Santiago de Compostela
Simposio de escultura. Chaves, Portugal
2007 *Raíces do aire*, Concello de Lugo. Lugo

- Simposio de escultura, Bodegas Godeval-Monasterio de Xagoaza.* Barco de Valdeorras, Ourense.
- 2006 Deputación Provincial. Lugo
- 2005 *Amurallando soños*, Museo Provincial. Lugo
- 2003 *Sarria Contemporánea*. Lugo
- 2001 *Portoarte*. Porto, Portugal
Artesarria. Sarria, Lugo (itinerante)
- 2000 *Compostela 2000*, Santo Domingo de Bonaval. Santiago de Compostela.
- 1999 *Foro Atlántico*. Pontevedra
- 1998 *Proxecto TVG*. Santiago de Compostela
- 1997 *V Certamen de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo*. Diputación Provincial. A Coruña.
Galicia Terra Única. Santiago de Compostela e Vigo
Esquina atlántica, Amberes, Brujas e Bruxelas, Bélxica
V Bienal de Arte Unión Fenosa (Macuf). A Coruña
Foro Atlántico. Estación Marítima. A Coruña
- 1996 Galería Ana Jacob. Madrid
Galería Clérigos. Lugo
- 1995 Galería Ana Jacob. Madrid.
- 1993 *El Blanc Negre*, Galería Balmes 21. Barcelona
- 1992 *Proxecto Nasa*. Sala Nasa, Santiago de Compostela
II Bienal de Mini-gravado. Ourense
- 1991 Galería Tom Maddock. Barcelona
Caja Postal. Cuenca (itinerante)
- 1989 Galería Tom Maddock. Barcelona
- 1988 Maison Gilbert-Albi. Lezignan. Toulouse, Francia
VII Biennial d'Art Contemporani. Barcelona
- 1986 *17 pintores de Lugo*, Galicia (itinerante) e Bos Aires
IV Biennial d'art Contemporani (3º premio). Barcelona
- 1984 *Novos Valores Lucenses*, Galicia (itinerante)
- 1983 *Mail Art*. Bienal de Arte. Pontevedra
- 1982 Galería Joan de Serrallonga. Barcelona
- 1980 *III Biennial d'art Contemporani* (mención de honor). Barcelona
- 1979 *Homenaxe a Barradas*. Museo Municipal. L'Hospitalet de Llobregat, Barcelona.

Coleccións Colecciones

- Museo de Belas Artes da Coruña
Museo Provincial de Ourense
Museo Provincial de Lugo
Domus, Casa do Home. A Coruña
Fundación Caixanova
Colección de Arte Contemporáneo Gas Natural-Unión Fenosa
Universidade de Santiago de Compostela
Deputación Provincial da Coruña
Concello de Vigo
Concello de Paradela. Lugo
Concello do Saviñao. Lugo
Centro de Saúde de Ribas de Sil. Ourense
Centro de Saúde de Pol. Lugo
Xacobeo. Santiago de Compostela
Fons d'art Caixa de Barcelona
Fondos de Arte Caja Postal. Cuenca
Fons d'art Universitat de Barcelona
Museo Barradas. L'Hospitalet de Llobregat
Museo d'Art Contemporani de Barcelona

Obra pública Obra pública

- Museo Provincial de Lugo
Concello de Lugo
Universidade de Lasalle. Madrid
Concello de Vigo
Cámara Municipal Vilanova de Gaia (Portugal)
Cámara Municipal Chaves (Portugal)
Cámara Municipal Matosinhos (Portugal)
Concello de Cee (A Coruña)
Concello de Corcubión (A Coruña)
Concello de Brión (A Coruña)
Roteiro Fiz Vergara (Lugo)
Concello de Viveiro (Lugo)

Bibliografía

- Álvaro de la Vega. Puntos de encontro, puntos de fuga.* [Cat. Exp. Biblioteca Ánxel Casal]. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Santiago de Compostela, 2009.
- Arte na provincia. Espazo e creación.* [Cat. Exp. Deputación da Coruña]. Deputación da Coruña, A Coruña, 2009. pp. 48-51.
- 5 visións desde os 90.* [Cat. Exp. Centro Torrente Ballester]. Concello de Ferrol, Ferrol, 2008
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Sala de Exposicións do Centro Social Caixanova de Vigo]. Fundación Caixanova, Vigo, 2006.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Centro Cultural de Ourense]. Centro Cultural, Deputación de Ourense, Ourense, 2005.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Museo Provincial de Lugo]. Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 2003.
- AA.VV. *Artistas Gallegos. Escultores.* Nova Galicia Edicións S.L, Ed. Carlos del Pulgar Sabín, Vigo, 2003. pp. 146-175.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Museo Barjola, Xixón]. Servizo de Publicacións do principado de Asturias, Xixón, 2001.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Promoción Cultural, Santiago de Compostela, 1998.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Casa de Galicia]. Xunta de Galicia, Secretaría Xeral da Presidencia, Madrid, 1995.

Recensións

“Espazo e obra enténdense proclamando o dominio escenográfico, que na posmodernidade conduce ao exercicio da escultura, unha escultura que reivindica unha nova simboloxía ante o espectador”.

(Mercedes Rozas. *Álvaro de la Vega. Puntos de encontro, puntos de fuga.* [Cat. Exp. Biblioteca Ánxel Casal]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2009).

“Antes que nada unha escultura é unha presenza que comunica cun baleiro e creo que por aí debe comezar o espectador”.

(Álvaro de la Vega en “A plenitude dos atallos” por Eduardo López Valiña en *5 visións desde os 90* [Cat. Exp. Centro Torrente Ballester] Concello de Ferrol, Ferrol, 2008).

“A posibilidade de diálogo das miñas obras sempre a establezo co espazo”.

Bibliografía

- Álvaro de la Vega. Puntos de encontro, puntos de fuga.* [Cat. Exp. Biblioteca Ánxel Casal]. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Santiago de Compostela, 2009.
- Arte na provincia. Espazo e creación.* [Cat. Exp. Deputación da Coruña]. Deputación da Coruña, A Coruña, 2009. pp. 48-51.
- 5 visións desde os 90.* [Cat. Exp. Centro Torrente Ballester]. Concello de Ferrol, Ferrol, 2008
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Sala de Exposicións do Centro Social Caixanova de Vigo]. Fundación Caixanova, Vigo, 2006.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Centro Cultural de Ourense]. Centro Cultural, Deputación de Ourense, Ourense, 2005.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Museo Provincial de Lugo]. Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 2003.
- AA.VV. *Artistas Gallegos. Escultores.* Nova Galicia Edicións S.L, Ed. Carlos del Pulgar Sabín, Vigo, 2003. pp. 146-175.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Museo Barjola, Xixón]. Servizo de Publicacións do principado de Asturias, Xixón, 2001.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Promoción Cultural, Santiago de Compostela, 1998.
- Álvaro de la Vega.* [Cat. Exp. Casa de Galicia]. Xunta de Galicia, Secretaría Xeral da Presidencia, Madrid, 1995.

Reseñas

“Espacio y obra se entienden proclamando el dominio escenográfico, que en la postmodernidad conduce al ejercicio de la escultura, una escultura que reivindica una nueva simbología ante el espectador”.

(Mercedes Rozas. *Álvaro de la Vega. Puntos de encontro, puntos de fuga.* [Cat. Exp. Biblioteca Ánxel Casal]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2009).

“Antes que nada una escultura es una presencia que comunica con un vacío y creo que por ahí debe empezar el espectador”.

(Álvaro de la Vega en “A plenitude dos atallos” por Eduardo López Valiña en *5 visións desde os 90* [Cat. Exp. Centro Torrente Ballester] Concello de Ferrol, Ferrol, 2008).

“La posibilidad de diálogo de mis obras siempre la establezco con el espacio”.

(Álvaro de la Vega en “Diálogo con Álvaro de la Vega, por Mercedes Rozas. *Álvaro de la Vega. Puntos de encontro, puntos de fuga*. [Cat. Exp. Biblioteca Ánxel Casal]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2009).

“Un anaco de madeira é capaz de ser un home sen deixar de ser madeira”.

(X. Ron Pereiro “Álvaro de la Vega. Saber estar con los pies sobre la tierra. Saber ser el centro de la espiral”, en *Álvaro de la Vega*, [Cat. Exp. Casa de Galicia] Madrid, 1995).

“O ferro, é un material humilde, cotián, no ferro fúndense o colectivo e o fuxidío, e o individual, o solitario, o estrito”.

(Álvaro de la Vega en *Álvaro de la Vega*. [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998).

“Madeiras feridas, bastas, xigantes e fortes, elementais nas formas, discurso interrompido e fragmentado, afástanse a penas do tronco do que saíron, dos nós da madeira”.

(Rosa Pereda en *Álvaro de la Vega*. [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998).

“Unha superficie desbastada cunha machada fálanos directamente ós sentimentos”.

(Álvaro de la Vega en *Álvaro de la Vega*. [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998).

“Todos os cortes, machadazos e toques de gubia teñen o mesmo ritmo que leñadores, “zoqueiros” e carpinteiros impuxeron ás súas artes”.

(“El pintor y escultor Álvaro de la Vega expone en A Coruña”, en *El Progreso*, 21 de marzo de 1994).

“A natureza do material empregado elévase sobre as intencións da forma”.

(S. Longueira. “Cuatro artistas en Madrid. Dos escultores y dos pintores gallegos exponen en Madrid. Culturas”, en *La Voz de Galicia*, 1998).

“O debuxo é a primeira configuración da idea, canto máis fresco e espontáneo mellor. Ten unha velocidade presencial, case como o propio pensamento”.

(Álvaro de la Vega en “A plenitude dos atallos” por Eduardo López Valiña en *5 visións desde os 90* [Cat. Exp. Centro Torrente Ballester] Concello de Ferrol, Ferrol, 2008).

(Álvaro de la Vega en “Diálogo con Álvaro de la Vega”, por Mercedes Rozas. *Álvaro de la Vega. Puntos de encontro, puntos de fuga*. [Cat. Exp. Biblioteca Ánxel Casal]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2009).

“Un pedazo de madera es capaz de ser un hombre sin dejar de ser madera”.

(X. Ron Pereiro “Álvaro de la Vega. Saber estar con los pies sobre la tierra. Saber ser el centro de la espiral”, en *Álvaro de la Vega*, [Cat. Exp. Casa de Galicia] Madrid, 1995).

“El hierro es un material humilde, cotidiano, en el hierro se funden lo colectivo y lo fugaz, y lo individual, lo solitario, lo estricto”.

(Álvaro de la Vega en *Álvaro de la Vega*. [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998).

“Maderas heridas, bastas, gigantes y fuertes, elementales en las formas, discurso interrumpido y fragmentado, se alejan apenas del tronco del que salieron, de los nudos de la madera”.

(Rosa Pereda en *Álvaro de la Vega*. [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998).

“Una superficie desbastada con un hacha habla directamente a los sentimientos”.

(Álvaro de la Vega en *Álvaro de la Vega*. [Cat. Exp. Casa da Parra]. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998).

“Todos los cortes, hachazos y toques de gubia tienen el mismo ritmo que leñadores, “zoqueiros” y carpinteros han impuesto a sus artes”.

(“El pintor y escultor Álvaro de la Vega expone en A Coruña”, en *El Progreso*, 21 de marzo de 1994).

“La naturaleza del material empleado se eleva sobre las intenciones de la forma”.

(S. Longueira. “Cuatro artistas en Madrid. Dos escultores y dos pintores gallegos exponen en Madrid. Culturas”, en *La Voz de Galicia*, 1998).

“El dibujo es la primera configuración de la idea, cuanto más fresco y espontáneo mejor. Tiene una velocidad presencial, casi como el propio pensamiento”.

(Álvaro de la Vega en “A plenitude dos atallos” por Eduardo López Valiña en *5 visións desde os 90* [Cat. Exp. Centro Torrente Ballester] Concello de Ferrol, Ferrol, 2008).

O duro bronce fundido permanecerá perenne, marcado nos trazos firmes que *Álvaro de la Vega* descubriu baixo o tronco do que nacen os **Heraldos do Encontro**; tamén dun tronco, o da *Árbore da Cruz*, nace a Redención e, con ela, os **cofrades de Viveiro**. A eles, aos que o foron dende os albores das fraternidades penitenciais, aos que o son neste lapso de tempo que nos toca existir e aos que virán cando todos nós terminemos o noso desterro neste val de bágoas; a eles, aos de hoxe, aos de onte e aos de sempre; a eles permanecerá perenne, igualmente, esta merecida **HOMENAXE** por saber legárnolo, aprendérnolo, ratificalo e engrandecelo.

Grazas

El duro bronce fundido permanecerá perenne, marcado en el los trazos firmes que *Álvaro de la Vega* descubrió bajo el tronco del que nacen los **Heraldos del Encuentro**; también de un tronco, el del *Árbol de la Cruz*, nace la Redención y, con ella, los **cofrades de Viveiro**. A ellos, a los que lo fueron desde los albores de las fraternidades penitenciais, a los que lo son en este lapso de tiempo que nos toca existir y a los que vendrán cuando todos nosotros hayamos terminado nuestro destierro en este valle de lágrimas; a ellos, a los de ayer, a los de hoy y a los de siempre; a ellos permanecerá perenne, igualmente, este merecido **HOMENAJE** por saber legárnoslo, enseñárnoslo, ratificarlo y engrandecerlo.

Gracias





"Heraldos del Encuentro"

HOMENAJE AL
COFRADE VIVARIENSE

Escultor: Alvaro de la Vega
Vivaro, Semana Santa 2017



DEPUTACIÓN
DE LUGO



917884811925395